



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

exp. 2017/G006/000210

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O DÍA 26 DE MAIO DO 2017

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as dez horas do día vinte e seis de maio do dous mil dezasete, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total doce dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 30 DE MARZO DE 2017.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o trinta de marzo de dous mil dezasete, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 303/2017 POLA QUE SE APROBAN AS CORRECCIÓNS DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO "REPOSICIÓN DA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO NO LUGAR DE IRIA", INCLUÍDO NO POS+ 2017.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<Vistos os requerimentos efectuados pola Deputación Provincial, o 11 de abril de 2017, para que se correxiran as deficiencias detectadas no proxecto denominado "Reposición da rede xeral de abastecemento no lugar de Iria" cuxa aprobación debería subirse á plataforma provincial, como máximo, antes das 14:00 horas do 5 de maio e dado que os cambios non eran sustanciais, foi necesario aprobalos por resolución do Alcalde a reserva da súa ratificación polo Pleno, polo que

Propoño ao Pleno:

PRIMEIRO. Ratificar a Resolución do Alcalde número 303/2017, do 5 de maio, cuxo texto se transcribe a continuación:

"Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 23 de febreiro do 2017 o Pleno da Corporación Municipal aproba o Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017 e os proxectos das obras a incluír no mesmo, entre eles a denominada "Reposición da rede xeral de abastecemento no lugar de Iria" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez.

Segundo. Remitida a documentación á Deputación Provincial da Coruña, o 23 de febreiro, en data 11 de abril do 2017, notifícase ao Concello unha serie de deficiencias detectadas no devandito proxecto, concretamente:

- a) Os planos deberán conter unha lenda das unidades de obra descritas no orzamento, así como a súa localización no trazado da tubaxe de abastecemento.
- b) Nos prezos descompostos defínese unha unidade de obra como "Encargado de obra" que podería ser calculada nos custos indirectos ou como unha porcentaxe dos prezos auxiliares, ao enténdese que non realiza as tarefas da obra, senón a dirección da mesma, neste sentido as Bases Reguladoras do POS+2017, BOP nº 226 do 29/11/2016, no apartado 5.B.3.1.d), establecen que esta unidade de obra sería non subvencionable".

Terceiro. En data 4 de maio de 2017, o técnico redactor presenta o proxecto correxido.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que os cambios introducidos no proxecto consisten só na emenda dos defectos detectados tras a supervisión técnica realizada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

valoración económica, e

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL),

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o seguinte proxecto técnico correxido, no que se recollen os cambios non substanciais propostos pola oficina de supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación Provincial da Coruña:

Denominación do proxecto:	"Reposición da rede xeral de abastecemento no lugar de Iria"
Técnicos redactores:	Julio César Rojo Martínez
Presuposto base de licitación (con IVE):	104.538,76 €

Segundo. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Terceiro. Das traslado á Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente."

SEGUNDO. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica, en relación cunha consulta feita na comisión informativa polo señor Forján Seoane que non foi aclarada porque pensaron que era un erro do proxecto, que falou co redactor e di que o informe de supervisión técnica da Deputación indicaba a necesidade de xustificar o cálculo da rede prevista en proxecto e para facer o cálculo é necesario simular no programa un treito de tubaxe existente que é o que aparece coa lenda "toma acometida" e en ningún caso o proxecto prevé a execución de ningunha das unidades que aparecen reflectidas no tramo que se indica, simplemente é unha simulación informática.

Sr. Forján Seoane. Comenta que no Decreto da alcaldía di que "...deficiencias detectadas no devandito proxecto concretamente os planos deberán conter unha lenda das unidades de obra descrita no orzamento, así como a súa localización no trazado da tubaxe de abastecemento".

Sr. Rodríguez Carbia. Di que, despois da comisión informativa, este tipo de erros tiñan que ir xa subsanados.

Sr. Alcalde. Contesta que non é un erro informático senón unha simulación informática e o plano 1 estaba a escala 2.000, outro ven a escala 3.000, que cambian as unidades da escala.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que é unha empresa a que está executando este tipo de proxectos e se lle paga e é necesario que no sucesivo procuren supervisar ese traballo e ver si realmente se axeita ou non á realidade para intentar evitar todo este tipo de discrepancias que poidan existir á hora de aprobar un proxecto.

Sr. Santaló Ríos. Manifesta que non entendeu moito a explicación técnica, pero que lle vale.

Non habendo máis intervencións, o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitidas pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 18 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

3.- RATIFICACIÓNS DO DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 304/2017 POLA QUE SE APROBAN AS CORRECCIÓNS DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO “CONEXIÓN DO SANEAMENTO DE EXTRAMUNDI Á REDE XERAL E OUTRO”, INCLÚIDO NO POS+ 2017.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<Vistos os requerimentos efectuados pola Deputación Provincial, o 11 de abril de 2017, para que se correxiran as deficiencias detectadas no proxecto denominado “Conexión do saneamento de Extramundi á rede xeral e outro” cuxa aprobación debería subirse á plataforma provincial, como máximo, antes das 14:00 horas do 5 de maio e dado que os cambios non eran sustanciais, foi necesario aprobalos por resolución do Alcalde a reserva da súa ratificación polo Pleno, polo que

Propoño ao Pleno:

PRIMEIRO. Ratificar a Resolución do Alcalde número 304/2017, do 5 de maio, cuxo texto se transcribe a continuación:

“Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 23 de febreiro do 2017 o Pleno da Corporación Municipal aproba o Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017 e os proxectos das obras a incluír no mesmo, entre eles a denominada “Conexión do saneamento de Extramundi á rede xeral e outro” redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez.

Segundo. Remitida a documentación á Deputación Provincial da Coruña, o 23 de febreiro, en data 11 de abril do 2017, notificase ao Concello unha serie de deficiencias detectadas no devandito proxecto, concretamente:

- a) É preciso xustificar os cálculos das redes previstas para a súa execución referidas no proxecto.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- b) Nos prezos descompostos defínese unha unidade de obra como "Encargado de obra" que segundo as Bases Reguladoras do POS+2017, BOP nº 226 do 29/11/2016, no apartado 5.B.3.1.d), establecen que esta unidade de obra, sería non subvencionable.
- c) As Bases Reguladoras do POS+2017, BOP nº 226 do 29/11/2016, no apartado 5.B.3.1.d), establecen que si se inclúen "partidas alzadas", o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Sinalar que segundo o que establece a lexislación vixente RDL 3/2011, de 14 de novembro, artigo 123, o presuposto estará integrado polos prezos unitarios e dos descompostos, cos detalles precisos para a súa valoración.

Terceiro. En data 4 de maio de 2017, o técnico redactor presenta o proxecto correxido.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que os cambios introducidos no proxecto consisten só na emenda dos defectos detectados tras a supervisión técnica realizada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica, e

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL),

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o seguinte proxecto técnico correxido, no que se recollen os cambios non substanciais propostos pola oficina de supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación Provincial da Coruña:

Denominación do proxecto:	"Conexión do saneamento de Extramundi á rede xeral e outro"
Técnicos redactores:	Julio César Rojo Martínez
Presuposto base de licitación (con IVE):	42.210,90 €

Segundo. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Terceiro. Das traslado á Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente."

SEGUNDO. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de

recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que a obra, nun principio estaban todos de acordo con ela, e non ten máis que dicir.

Sr. Santaló Ríos. Pide que se siga avanzando neste tipo de proxectos

Sr. Forján Seoane. Reitera a pregunta que fixo na comisión informativa de si hai disposición dos terreos e si se falou cos propietarios.

Sr. Alcalde. Contesta que desde a comisión avanzouse un pouco coa segunda das fincas, pero coa primeira non.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o problema é que hai un anaco onde non se pode executar o proxecto. Entende que cando se executa unha obra o lóxico é que haxa dispoñibilidade dos terreos, de feito cando se solicita a subvención un dos condicionantes é precisamente poder dispor desa dispoñibilidade e aquí se dixo que sí, e agora se enteran na comisión informativa que non. Que agora se atopan cunha obra que está aprobada a punto de executarse e non se pode porque non hai dispoñibilidade dos terreos ou non se chegou a un acordo cos propietarios.

Sr. Alcalde. Explica que se contaba coa dispoñibilidade porque hai unha tubaxe existente aí, pero non vale porque é unha nova rede.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que entón haberá que xuntarse cos propietarios e intentar chegar a un acordo e non dilatar no tempo. Que si se vai a un proceso de expropiación vai ser prexudicial para todos. Insta ao goberno a que tomen o tema en consideración porque CIPa naquel momento votou a favor deste plan de obras cos condicionantes de que esta obra se fixera porque os veciños de Extramundi levan tempo solicitándoa e é necesaria. Insiste que o goberno faga uso dos medios que están ao seu alcance, esgotando primeiro todas as vías do diálogo e despois intente chegar a un acordo para poder executar esta obra. Que por onde se pretende executar esa obra hai unha serventía de paso dun regueiro que xa se canalizou no seu momento e se conectou á rede de sumidoiros do Concello e agora ao alcalde correspóndelle subsanar un problema que se fixo mal nas súas orixes e intentar buscar unha solución no prazo de tempo máis breve posible.

Sr. Piñeiro Otero. Pregunta se faloron co propietario da finca que linda coa pista AC-301.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que esta semana tiveron un contacto con alguén que lles dixo que había boa disposición.

Sr. Santaló Ríos. Di que vai votar a favor porque non vai poñer ningún tipo de obstáculo a que o goberno faga o seu traballo, pero tamén que apanden coas responsabilidades no caso de que non o consigan.

Sra. Rey Pazos. Ve que hai falta de planificación e antes de programar unha obra deberíase tantear a dispoñibilidade de todos os terreos e sobre todo se son de particulares. Que os permisos sectoriais que haxa que pedir despois é outra historia. Pide un pouco máis de programación á hora de propoñer obras e desta obra xa llo advertiron os compañeiros nas comisións informativas do POS e llo preguntaron directamente.

Sr. Alcalde. Contesta que xa o sabe e que ela foi a única que votou en contra do POS.

Sra. Rey Pazos. Explica que votou en contra, por si acaso pensan que vai en contra das obras, porque non está de acordo en como se escollen as obras e que aquí vese un exemplo de que non se fai ben.

Sr. Alcalde. Dille que votou en contra polos motivos que fora pero que si todos fixeran o mesmo perderíanse un montón de cartos para o Concello.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sra. Rey Pazos. Replica que si todos fixeran o mesmo, igual o señor alcalde faría mellor as cousas.

Sr. Forján Seoane. Comenta que isto xa foi a pleno o 23 de febreiro e tiveron tempo antes e despois de negociar cos propietarios destas fincas. Que si tivo todo o apoio da Corporación, o que fallou foi a xestión dese apoio.

Sr. Alcalde. Contesta que veñen negociando co primeiro dos propietarios e están valorando si continuar coa negociación ou expropiar e que cun dos propietarios non cree que teñan problemas porque teñen avanzado xa coas negociacións.

Non habendo máis intervencións, o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Nove (9), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polo concelleiro de AxP, señor González Pardo e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero e pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 18 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 305/2017 POLA QUE SE APROBAN AS CORRECCIÓNS DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE PONTECESURES", INCLUÍDO NO POS+ 2017.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<Vistos os requerimentos efectuados pola Deputación Provincial, o 11 de abril de 2017, para que se correxiran as deficiencias detectadas no proxecto denominado "Pavimentación avenida Pontecesures" cuxa aprobación debería subirse á plataforma provincial, como máximo, antes das 14:00 do 5 de maio e dado que os cambios non eran sustanciais, foi necesario aprobalos por resolución do Alcalde a reserva da súa ratificación polo Pleno, polo que

Propoño ao Pleno:

PRIMEIRO. Ratificar a Resolución do Alcalde número 305/2017, do 5 de maio, cuxo texto se transcribe a continuación:

"Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 23 de febreiro do 2017 o Pleno da Corporación Municipal aproba o Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017 e os proxectos das obras a incluír no mesmo, entre eles a denominada "Pavimentación da Avenida de Pontecesures" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez.

Segundo. Remitida a documentación á Deputación Provincial da Coruña, o 23 de febreiro, en data 11 de abril do 2017, notificase ao Concello unha serie de deficiencias detectadas no devandito proxecto, concretamente:

- a) É preciso xustificar os cálculos do muro de contención prevista para a súa execución referido no

proyecto.

- b) Nos prezos descompostos defínese unha unidade de obra como "Encargado de obra" que segundo as Bases Reguladoras do POS+2017, BOP nº 226 do 29/11/2016, no apartado 5.B.3.1.d), establecen que esta unidade de obra, sería non subvencionable.
- c) As Bases Reguladoras do POS+2017, BOP nº 226 do 29/11/2016, no apartado 5.B.3.1.d), establecen que si se inclúen "partidas alzadas", o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Sinalar que segundo o que establece a lexislación vixente RDL 3/2011, de 14 de novembro, artigo 123, o presuposto estará integrado polos prezos unitarios e dos descompostos, cos detalles precisos para a súa valoración.

Terceiro. En data 4 de maio de 2017, o técnico redactor presenta o proxecto correxido.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que os cambios introducidos no proxecto consisten só na emenda dos defectos detectados tras a supervisión técnica realizada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica, e

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL),

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o seguinte proxecto técnico correxido, no que se recollen os cambios non substanciais propostos pola oficina de supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación Provincial da Coruña:

Denominación do proxecto:	"Pavimentación da Avenida de Pontecesures"
Técnicos redactores:	Julio César Rojo Martínez
Presuposto base de licitación (con IVE):	40.215,80 €

Segundo. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque para os efectos do seu coñecemento e ratificación.

Terceiro. Das traslado á Deputación Provincial da Coruña para a súa inclusión no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+ 2017.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente."



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

SEGUNDO. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non habendo ningunha intervención, o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitidas pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 18 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA ORDENANZA REGULADORA DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE PADRÓN.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal, na sesión realizada o 26 de xaneiro do 2017, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón.

Segundo. O acordo anterior fíxose público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 29 do 10 de febreiro do 2017 e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello sin que durante o prazo de exposición ao público e audiencia ás persoas interesadas de 30 días hábiles se presentase reclamación ou suxestión algunha, polo que a Ordenanza resultou aprobada definitivamente.

Terceiro. O texto definitivamente aprobado fíxose público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 68 do 10 de abril do 2017 e o 19 dese mesmo mes remítense o seu texto á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. Por parte da empresa contratada para esta finalidade, Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, SLU, remítense á Agencia Española de Protección de Datos os ficheiros a suprimir e os novos ficheiros a dar de alta.

Quinto. O 11 de abril do 2017 rexístrase de entrada requerimento da AEPD no que se comunica a non inscrición do ficheiro "24. Protección civil e servizo emerxencias" dado que ao incluír datos de saúde o seu nivel de seguridade debe ser alto e non básico tal e como se recolleu e concede un prazo de 3 meses para aprobar e publicar a correspondente modificación.

Sexto. No mesmo requerimento comunícase que deberán incluírse os seguintes datos nos ficheiros que se indican:

- a) "20. Policía": teléfono.

b) "3. Persoal": DNI, teléfono e enderezo.

Sétimo. Engádese que no ficheiro "18. Medio ambiente" non se inclúeu na súa estrutura básica a previsión de tratamento dos datos referidos a infraccións. Dedúcese esta mesma omisión nos ficheiros "8. Xestión económica e subvencións", "9. Recadación", "10. Contratación e patrimonio", "11. Licenzas e autorizacións", "12. Urbanismo e oficina de rehabilitación".

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que é o pleno o órgano competente para a aprobación, e polo tanto modificación, das ordenanzas e regulamentos tal e como establecen os artigos 22.2.d. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e 64.2.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e

Segundo. Considerando que, de acordo ao establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local, o procedemento para a modificación das ordenanzas é o mesmo que o previsto para a súa aprobación no artigo 49 da LBRL e no artigo 196.2. do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación número 1 da Ordenanza reguladora de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Padrón, aprobada polo Pleno na sesión realizada o 26 de xaneiro do 2017 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 68 do 10 de abril do 2017, dando un novo contido a varios dos ficheiros relacionados no Anexo I.B) da ordenanza tal e como se indica a continuación:

NOME DO FICHEIRO:	3. PERSOAL
RESPONSABLE DO FICHERO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Recursos humanos, xestión de nóminas e seguridade social.
INTERESADOS:	Persoas empregadas.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal; outras administracións públicas.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, número seguridade social, sinatura, saúde, características persoais, datos académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, Presidencia e Traballo e Benestar, órganos da Administración General de Estado, en concreto, o INEM.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Alto.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	8. XESTIÓN ECONÓMICA E SUBVENCIÓNS
RESPONSABLE DO FICHERO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Xestión contable, fiscal e administrativa e xestión de subvencións.
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Facenda Pública e Administración Tributaria, Tribunal de Contas, Consello de Contas, Órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, bancos, caixas de aforro e caixas rurais.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Medio.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	9. RECADACIÓN
RESPONSABLE DO FICHERO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Cobro de tributos municipais.
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal e outras administracións.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, sinatura, datos económicos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Facenda Pública e Administración Tributaria do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Medio.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	10. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO
RESPONSABLE DO FICHERO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Xestión de contratación de obras e/ou servizos para o Concello.
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes, provedores.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, características persoais, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Tribunal de Contas, Consello de Contas, órganos da Administración General do Estado: Ministerio de Facenda, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, entidades aseguradoras.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Básico.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	11. LICENZAS E AUTORIZACIÓNS
RESPONSABLE DO FICHERO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Xestión de licenzas de apertura, obras, espectáculos públicos, feiras ou actividades culturais, procedemento administrativo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

INTERESADOS:	Cidadáns, residentes e solicitantes.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, número seguridade social, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, títulos académicos e profesionais, detalles do emprego, datos económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Instituto Nacional de Estadística, órganos da Administración General do Estado: Ministerio de Fomento, Delegación de Gobierno, órganos de Comunidade Autónoma de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Garda Civil, SGAE.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Básico.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	12. URBANISMO E OFICINA DE REHABILITACIÓN
RESPONSABLE DO FICHEIRO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Xestión do planeamento, xestión e disciplina urbanística
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes e solicitantes.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, datos económicos, financeiros e de seguros, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Órganos da Administración General de Estado: Ministerio de Fomento; órganos da Comunidade Autónoma de Galicia; Deputación Provincial da Coruña.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Básico.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	18. MEDIO AMBIENTE
RESPONSABLE DO FICHEIRO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Xestión de denuncias en materia de medio ambiente.
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes.
ORIXE DOS DATOS:	Fontes accesibles ao público, outras administracións públicas.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Órganos xudiciais, órganos da Administración General do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en materia de medio ambiente para dar traslado das denuncias nesta materia a nivel estatal ou autonómico.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Medio.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

NOME DO FICHEIRO:	20. POLICÍA
RESPONSABLE DO FICHEIRO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Seguridade pública e defensa.
INTERESADOS:	Cidadáns e residentes.
ORIXE DOS DATOS:	Persoa interesada ou o seu representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, correo electrónico, sinatura, circunstancias sociais, datos económicos, financeiros e de seguros, saúde, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Órganos xudiciais, órganos da Administración General do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en seguridade cidadá para dar traslado das denuncias.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Alto.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.
NOME DO FICHEIRO:	24. PROTECCIÓN CIVIL E SERVIZO EMERXENCIAS
RESPONSABLE DO FICHEIRO:	Concello de Padrón.
FINALIDADE DO FICHEIRO:	Prestar servizos de protección e asistencia á cidadanía ante calquera tipo de emerxencia, desastre ou accidente e salvagárda do medio ambiente.
INTERESADOS:	Cidadáns, residentes, Garda Civil e Policía Local.
ORIXE DOS DATOS:	Persoas interesadas ou o seu representante legal.
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO FICHEIRO:	Nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono, características persoais, sinatura, saúde, tarxeta sanitaria.
DESTINATARIOS DE CESIÓNS:	Garda Civil, Policía Local, Servizo Médico - 061, ambulancias privadas, servizos de bombeiros, vulgados, compañías aseguradoras e outros servizos de emerxencias e de protección civil doutros Concellos.
PÓDENSE EXERCER OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN OU OPOSICIÓN ANTE:	Concello de Padrón.
NIVEL DE SEGURIDADE DO FICHEIRO:	Alto.
SISTEMA DE TRATAMENTO:	Mixto.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial de Provincia da Coruña e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e abrir un trámite de información ao público e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días hábiles, contados desde o de publicación daquel anuncio no BOP, e durante o cal poderán presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Terceiro. No suposto de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobada definitivamente esta modificación 1 da ordenanza procedendo entón á publicación do acordo e do texto íntegro da mesma tamén no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.>>

Non habendo ningunha intervención o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 18 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

6.- APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2017.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por providencia do Alcalde de 16 de maio de 2017 dispónse a incoación do expediente legalmente necesario para proceder á aprobación dos gastos e recoñecemento das obrigas imputables a exercizos anteriores mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito (REC 2-2017) por un importe bruto e líquido de 151.590,25 euros, e que se detallan no Anexo I a dita providencia.

Segundo: En data 16 de maio do 2017 emitíuse o preceptivo informe da Intervención municipal e de reparo suspensivo número 8/2017.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que o artigo 26.2c) en relación co artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prevé a posibilidade de recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non foran recoñecidas no exercicio económico ao que correspondían, para evitar así o enriquecemento inxusto da Administración actuante e para evitar eventuais reclamacións de xuros de demora e de indemnizacións polos custes de cobro.

Segundo: Considerando que o recoñecemento extraxudicial de créditos é o mecanismo legalmente previsto para aprobar e recoñecer as facturas e gastos que, por diversos motivos, non seguiron o procedemento ordinario de execución do gasto público previsto no TRLRFL e/ou na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

Terceiro: Considerando que o órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito é o Pleno, tal e como se deduce do artigo 23.1e) do TRRL, do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e da base número 21 de execución do orzamento municipal vixente, requiríndose maioría simple para a súa aprobación.

PROPOÑO AO PLENO:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo número 8/2017, de 16 de maio, da Intervención Municipal, de acordo co disposto no artigo 217.2a) e 217.2b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debido á vulneración do principio de anualidade orzamentaria, do principio de especialidade contitativa dos créditos, así como pola omisión nos expedientes de contratación de requisitos e trámites esenciais.

Segundo: Proceder á aprobación da seguinte relación de facturas e gastos polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe bruto e líquido de 151.590,25 € recoñecendo as correspondentes obrigas con cargo ás aplicacións orzamentarias que a continuación se indican do orzamento vixente prorrogado para o 2017:

DATA RXE	Nº ENTRADA FACTURA	DATA FACTURA	PROVEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LIQUIDO
24/02/17	1/201600518	31/05/16	ALMACENES ELADIO S.A.	MATERIALES DIVERSOS SUMINISTRADOS	171-21000	21,50 €	21,50 €
24/02/17	1/201600251	18/03/16	ALMACENES ELADIO S.A.	MATERIALES SUMINISTRADOS PARA JARDINES	171-21000	63,80 €	63,80 €



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

24/02/17	1/201501328	16/12/15	ALMACENES ELADIO S.A.	MATERIALES SUMINISTRADOS PARA JARDINES	171-21000	20,90 €	20,90 €
24/02/17	1/201600359	14/04/16	ALMACENES ELADIO S.A.	MATERIALES DIVERSOS REALIZADOS	171-21000	47,50 €	47,50 €
24/02/17	1/201600457	12/05/16	ALMACENES ELADIO S.A.	MATERIALES SUMINISTRADOS	171-21000	14,95 €	14,95 €
20/02/17	101	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN DESBROZADORA	454-21300	1.025,51 €	1.025,51 €
20/02/17	102	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN DESBROZADORA	454-21300	108,07 €	108,07 €
20/02/17	103	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	454-21300	126,37 €	126,37 €
20/02/17	104	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN CONTENEDORES	163-21300	132,50 €	132,50 €
20/02/17	105	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN DESBROZADORA	454-21300	107,57 €	107,57 €
20/02/17	107	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO 4970FXW	454-21400	31,22 €	31,22 €
20/02/17	109	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C0932AM	454-21400	288,51 €	288,51 €
20/02/17	110	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C4136BP	132-21400	518,44 €	518,44 €
20/02/17	111	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C4935AL	454-21400	132,62 €	132,62 €
20/02/17	112	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C4935AL	454-21400	133,71 €	133,71 €
20/02/17	113	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C5888CJ	454-21400	438,14 €	438,14 €
20/02/17	114	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C5888CJ	454-21400	706,69 €	706,69 €
20/02/17	115	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REVISIÓN VEHÍCULO C5888CJ	454-21400	84,59 €	84,59 €
20/02/17	116	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C97266VE	454-21400	326,62 €	326,62 €
20/02/17	117	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C97266VE	454-21400	29,04 €	29,04 €
20/02/17	118	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO C9814AT	454-21400	553,35 €	553,35 €
20/02/17	119	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REVISIÓN VEHÍCULO C9814AT	454-21400	122,82 €	122,82 €
20/02/17	120	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO E4504BFP	163-21400	340,41 €	340,41 €
20/02/17	121	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO E6479BCC	454-21400	865,89 €	865,89 €
20/02/17	122	02/02/17	CARS T. PICARAÑA, S.C.	REPARACIÓN VEHÍCULO E6479BCC	454-21400	130,92 €	130,92 €
16/03/17	7248	15/03/17	CITYLIFT S.A.	REPARACIÓN BATERÍA ASCENSOR CENTRO SOCIAL	334-21200	104,94 €	104,94 €
01/03/17	625	30/12/16	CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	APORTACIÓN ECONÓMICA 4º TRIMESTRE 2016	2311-45390	1.052,10 €	1.052,10 €
20/02/17	92331541	26/12/16	EL CORTE INGLES S.A.	PRENDAS DE VESTIR PARA A POLICÍA LOCAL	132-22104	1.875,96 €	1.875,96 €
15/05/17	TC 2017/184	15/05/17	ENVISER SERVICIOS MEDIO AMBIENTALES S.A.U.	TRATAMIENTOS RESIDUOS PUNTO LIMPO DE OUTUBRO DE 2016 A ABRIL DE 2017	1621-22700	8.075,96 €	8.075,96 €
04/05/17	587	21/10/16	ILUSIONES MÁGICAS S.L.	MAXIA DE CERCA EN SABOREA PADRÓN 2016	432-22699	726,00 €	726,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

14/03/17	372	24/02/17	RELOJERÍA-JOYERÍA ESCOTTI	TROFEOS CARREIRA DE BURROS	338-22617	118,00 €	118,00 €
13/02/17	S 99	31/01/17	ESPINA Y DELFÍN S.L.	LIQUIDACIÓN XESTIÓN AUGA 4º TRIMESTRE 16	161-22706	19.941,02 €	19.941,02 €
02/03/17	15 160400304	28/02/17	ESPINA Y DELFÍN S.L.	CANON CAMARA DESCARGA	160-20900	6,12 €	6,12 €
02/03/17	15 160400228	28/02/17	ESPINA Y DELFÍN S.L.	CANON CEMENTERIO MUNICIPAL PADRON	160-20900	11,63 €	11,63 €
Sr. Alcalde. Contesta que practicamente todas as facturas están presentadas polos provedores fóra de prazo. Di que efectivamente a dos trofeos presentouse case un ano despois e pensa que por despiste de quen entregou os trofeos. Que hai facturas que se lle pasan porque non están pendentes de si o proveedor a pasou ou non. Que hai un problema coa cantidade de facturas de Gas Natural e están en contacto con Giga como auditor para este tema, pero que neste caso hai facturas de xullo do 2016 presentadas no 2017 e non queda outro procedemento que o extraxudicial.

Sr. Santaló Ríos. Pregunta se solicitaron unha auditoría.

Sr. Alcalde. Contesta que todas as facturas do ano 2015 enviáronse a unha empresa de consultoría de enerxía e se lle están remitindo todas as demais e de todas as remitidas no ano só tiña dúbidas en catro ou cinco facturas que se revisaron e efectivamente tiñan que pagarse. Que revisou subministrados, fixo un estudo de todos os puntos de alumado, de todos os cadros de mando e entregou os pregos técnicos para sacar a licitación o contrato de alumbrado público. Que agora só faltan os pregos administrativos para sacar a concurso. Que iso é para o mantemento e para o subministro habería que estudar un concurso de subministro de enerxía. Repite que van a extraxudicial porque están presentadas fóra de prazo.

Sr. Rodríguez Conde. Explica que unha das súas intencións é tomar algún tipo de medida nestas situacións e subsanar este tipo de deficiencias e tamén se está empezando a mirar o de Espina y Delfín.

Sra. Rey Pazos. Recorda que o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura excepcional para emendar actos que no ordenamento xurídico son nulos de pleno dereito e todo iso para evitar un enriquecemento inxusto por parte da administración. Resalta o feito de que en febreiro do 2017 o goberno xa trouxo a pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito que ascendía a 330.241,96 € aos que hai que sumarlle estes 151.590,25 €, o que fai un total de 481.832,21 €, polo que queda claro que non se está a utilizar esta figura de forma excepcional, o que ven a evidenciar a mala xestión do goberno do PP e agora co PGD. Que o informe de intervención pon en relevo que *“Á vista do exercicio orzamentario 2016 no que se acredita o incumprimento da regra do gasto polo que en consecuencia deberanse tomar medidas tipo económico financeiras e que estas deberán ser presentadas ao pleno nun prazo dun mes dende a constatación do incumprimento”*. Quere facer mención ás facturas relativas á liquidación da xestión da auga do cuarto trimestre do 2016 que ascenden a 19.941,02 € e que expresan o incremento do prezo do servizo público do subministro de auga ao longo do ano e chega a supor nun ano entre oitenta e noventa mil euros. Que como xa dixo noutras ocasións, entende que este canon debería ser repercutido entre os usuarios do servizo, porque é o máis xusto que cada un pague polo que consume e non que paguen todos o consumo elevado dalgúns. Recorda algunhas palabras ditas polo voceiro do PGD en relación aos recoñecementos extraxudiciais de crédito nos que votaron en contra: *“está claro que a xestión levada polo goberno non é a adecuada”, “é unha mala xestión”, “o goberno está utilizando esta figura como un mecanismo normal”, “considera que así non se fan as cousas” e “así non se xestiona o concello”*. Que no de febreiro, xa cunha pata dentro do goberno, cambiou un pouco ese discurso e seguiu dicindo que era un mecanismo excepcional pero de seguido engadiu que si o alcalde levaba a cabo varias actuacións que contaran co seu apoio. Que a día de hoxe o alcalde non fixo ningunha desas actuacións e eles teñen moita curiosidade en saber cal é o voto do PGD. Que ela, dado que a situación non cambiou dende o último recoñecemento extraxudicial de crédito, vai votar en contra.

Sr. González Pardal. Repite o dito polos demais concelleiros e di que o do rescate da concesión da auga é unha cousa que hai que mirar. Que no tema das facturas hai que andar máis enriba dos provedores e está



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

de acordo en que 481.000 € en recoñecementos extraxudiciais deixa de entrever que a xestión é ineficaz.

Sr. Alcalde. Insiste que son facturas presentadas fóra de prazo.

Sr. González Pardal. Di que, con respecto ao de Gas Natural, que hai outros concellos que xa se puxeron en contacto con outras empresas para o aforro enerxético e o de Ribeira contratou a unha empresa e o gasto foi reducido nun 40%.

Sr. Alcalde. Contesta que son cousas distintas e o que fixo Ribeira foi un cambio para "led" porque iso supón aforro.

Sr. González Pardal. Di que quedan dous anos e espera que no que queda de lexislatura haxa unha solución a este problema que desencadea estes recoñecementos extraxudiciais ano tras ano.

Sr. Forján Seoane. Resalta que a carencia dun orzamento actualizado e prorrogado en anos consecutivos leva a situacións como que a partida de Xantar na Casa se esté cargando agora con gastos do 2016 e quedan os gastos do 2017 polo que xa queda un déficit nesa partida. Que tamén a de alumbrado público que estaba orzamentada para o ano 2017 en 327.000 € e agora estanse detraendo desa partida cento cinco mil e pico, un 32% para pagar gastos do ano 2016, polo que vai ser manifestamente insuficiente. Que iso quere dicir que hai unha imprevisión total e absoluta e os orzamentos que se veñen prorrogando non están adaptados á realidade e o informe de intervención ven dicir que se está incumprindo a regra de gasto e que deberían facer un plan económico-financieiro no prazo de dous meses e non o van facer. Di que se poñan a traballar e agora teñen a maioría suficiente e esta falta de orzamentos é responsabilidade do alcalde e do grupo de goberno. Que por todo isto eles se van abster, aínda que sabe que se vai aprobar porque hai que pagar as débedas, pero o están facendo mal.

Sr. Alcalde. Contesta que xa se explicou na comisión informativa porque ven esa matización no informe de intervención: porque no ano anterior a regra de gasto só permite o aumento dun 0,1% e no ano anterior se gastaron 350.000 € de menos e este ano ao subir o presuposto que se tiña prorrogado incúmrese a regra de gasto. Que en canto aos dous meses para facer ese plan económico-financieiro súplase co presuposto e xa explicou que se está elaborando e nel incluírase ese matiz do plan económico-financieiro.

Sr. Forján Seoane. Pregunta onde están eses 300.000 € que se gastaron de menos.

Sr. Alcalde. Contesta que se aforraron no orzamento.

Sr. Forján Seoane. Pregunta si figuraban só no papel ou é dos que se ingresaron.

Sr. Alcalde. Contesta que todo figura no papel.

Sr. Forján Seoane. Replica que o orzamento é unha previsión do que se quere facer e despois a súa plasmación dependerá dos ingresos, é dicir que sen ingresos non hai gasto, e pregunta se non se gastaron do reflectido no orzamento ou dos que entraron en caixa.

Sr. Alcalde. Contesta que non se gastaron do reflectido no orzamento.

Sr. Rodríguez Conde. Contesta por alusións á señora Rey Pazos que eles sempre votaron en contra porque a xestión que estaba levando o PP non era a axeitada. Que en canto á dubida de si en febreiro xa estaban falando co PP, di que está mirando o whatsapp e ve que a señora Rey Pazos foi unha das persoas que primeiro avisou de que estaban falando co PP e iso foi en marzo e non en febreiro. Que eles cando decidiron dar ese paso adiante foi para intentar cambiar a situación. Que en canto ao dito polo señor González Pardal di que xa teñen falado máis dunha vez de que hai empresas que fan ese tipo de xestións e xa ofertaran ao pleno unha delas algunha vez.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que, en relación coas últimas palabras do voceiro do PGD, lle parece unha demagogia supina porque di que a xestión do PP non era a máis axeitada e por iso se opuxeron ao anterior

procedemento extraxudicial. Que el estando tamén na oposición e non estando de acordo votou a favor dese procedemento porque non quería que o Concello deixara de percibir subvencións por parte da Xunta de Galicia e entendía que o gasto estaba feito e había que proceder ao pago aos provedores. Que nese exercicio de responsabilidade sigue a telo agora si fixera falta para aprobar este recoñecemento extraxudicial de crédito porque entende que é unha figura que está en todas as administracións. Que din que entraron no goberno para intentar cambiar e o respecta, pero o PGD non xestiona a área de economía no goberno senón que a xestiona o PP, que eles poderán aportar ideas pero a decisión última é do PP, polo que as declaracións do señor Rodríguez Conde significan un baleiro total en canto ás intencións.

Sra. Rey Pazos. Aclara que non dixo que o señor Rodríguez Conde xa estivera dentro senón que igual xa o estaba pensando. Que non cambia a conclusión e terá o seu apoio nos recoñecementos si o señor alcalde trae a este pleno as medidas faladas entre todos os compañeiros e hoxe aquí non hai ningunha desas medidas polo que se terá que explicar.

Sr. Rodríguez Conde. Contesta que o tempo dirá si se tomaron e xa se tomaron algunhas.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

ABSTENCIÓNS: Cinco (5), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 18 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE VÑ SOBRE ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1996 o entón Valedor do Pobo José Cora Rodríguez, recollía na presentación do seu informe extraordinario sobre a contaminación acústica o seguinte: "A contaminación acústica constitúe un problema cada vez mais importante na nosa civilización. A nosa sociedade vai sendo crecientemente consciente de que os ruídos son unha fonte de problemas que atentan, tanto contra o dereito dos cidadáns para gozar dun medio ambiente aceptablemente san como en canto agresión ao dereito individual da saúde.

Unha sinxela intuición dinos que Galicia non está por agora entre as comunidades autónomas máis gravemente afectadas polos problemas da contaminación acústica. O noso nivel de industrialización, aínda modesto, a intensidade do noso tráfico (rodado, aéreo...), as limitacións que aínda ten entre nós a chamada civilización do lecer (cuns veráns relativamente curtos e unha afluencia de turistas non masiva). Todo nos inclina a crer que en canto a problemática de ruídos a nosa Comunidade debe estar entre as de nivel mediano.

Pero todo indícanos tamén que o problema está a crecer, e que as persoas negativamente afectadas na súa calidade de vida polo problema dos ruídos toman cada vez maior conciencia de que estes atentan contra



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

algúns dos seus dereitos constitucionais. Entre as queixas que o Valedor do Pobo recibe en relación con esta problemática, abundan sobre todo as que se refiren a pequenas industrias instaladas en áreas densamente habitadas e as que teñen relación con discotecas, pubs, salas de festas, cafeterías e demais locais dedicados ao recreo e ao entretemento.”

Dez anos despois, esta problemática está de plena actualidade: cada vez hai máis queixas da cidadanía neste sentido en diferentes institucións e xulgados; os diferentes medios de comunicación recollen diariamente noticias relacionadas co ruído; hai máis coñecemento sobre os efectos nocivos do ruído na saúde, etc.

Tampouco podemos obviar outros factores que tamén inflúen como é o feito de que cada vez hai máis industria, que os veráns son cada vez máis longos, que creceu considerablemente o número de turistas que visita a nos aterra, etc.

As organizacións internacionais como a Organización Mundial da Saúde, OMS, a Organización Panamericana da Saúde, OPS, etc. distinguen varias fontes de ruído ambiental entre elas como así recolle o informe do Valedor:

- Os diversos tipos de máquinas utilizadas pola industria
- A construción e reparación de edificios e obras públicas de toda clase.
- O tráfico rodado é considerado por diversos autores como a máis importante fonte de ruído ambiental.
- O tránsito ferroviario, xunto co dos camións pesados, é considerado o sistema de transporte que xera niveis máis altos de ruído.
- Os ruídos producidos pola navegación aérea.
- Os lugares de diversión: cafés, bares, cafeterías; pero sobre todo pubs, discotecas, salas de baile e de espectáculos, así como os parques de feiras e atraccións; a maioría dos centros do que hoxe afai chamarse a civilización do lecer. Sen excluír os campos de tiro e outros entretementos de tipo máis minoritario.
- Xeradores de ruído específicos, da chamada civilización do lecer. Pero especialmente típicos dos pobos mediterráneos, que sempre fomos dados a expresar con manifestacións colectivas e ruidosas a alegría e a euforia.

Non nos cabe a menor dúbida, como así o pon de relevo o informe antes mencionado, que estamos ante unha problemática complexa xa que afecta a intereses e dereitos moi difíciles de compaxinar, sobre todo cando choca “o dereito duns á tranquilidade e ao descanso, imprescindible para a saúde e a calidade de vida e o dereito doutros á diversión e o lecer, tamén necesario aínda que non sempre mencionado polos tratadistas do tema. E o dereito á actividade empresarial, que non só é un dereito particular senón tamén creador de postos de traballo e contribuínte á facenda a través dos impostos.”

En Veciños de Padrón somos grandes defensores do lecer e non escondemos o noso apoio ás actuacións musicais e culturais de calquera outra clase que se celebren en espazos públicos xa que consideramos que son unha forma de achegar a cultura a tódolos públicos, e que ademais axudan a impulsar a actividade comercial e hostaleira do Concello; pero iso non quita o feito de que tamén somos conscientes de que estas actividades como outras poden provocar ruídos ambientais molestos para a cidadanía.

Tampouco nos cabe a menor dúbida que é posible conseguir o respecto aos dereitos de todos e cada un dos veciños e veciñas do noso Concello atopando así un espazo de convivencia pacífica entre todos os sectores implicados. Para iso faise necesario buscar un equilibrio entre as diferentes actividades económicas e doutro tipo e o dereito ao descanso, a saúde e á vida familiar das persoas. Isto pasa por unha regulación da situación e unha negociación na que todas as partes participen para buscar un punto de

encontro e para iso consideramos fundamental unha actitude dialogante, positiva e, de ser o caso, tódalas partes ceder nalgunhas das nosas pretensións.

Neste sentido non podemos esquecer que o artigo 6 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido establece o seguinte: "Corresponde aos concellos aprobar ordenanzas en relación coas materias obxecto desta lei. Así mesmo, os concellos deberán adaptar as ordenanzas existentes e o plan urbanístico ás disposicións desta lei e das súas normas de desenvolvemento."

Ademáis, a fin de ir diminuíndo a contaminación sonora do Concello, deberíase ter en conta a problemática do ruído a hora de valorar o deseño da ordenación urbanística.

Por todo o exposto, e buscando a convivencia pacífica da cidadanía e o equilibrio dos seus dereitos, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Elaboración dunha ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica no menor prazo posible.
- 2.- Que na elaboración da mesma téñanse en conta as opinións de todos os sectores da sociedade implicados.>>

Seguidamente a señora Rey Pazos dá conta da seguinte enmenda á súa moción de data 25 de maio do 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Veciños de Padrón vimos defendendo desde a nosa constitución como partido político unha participación directa e activa da cidadanía nos asuntos e órganos municipais.

Cremos que unha sociedade implicada e activa nos asuntos do seu Concello só pode ter efectos positivos e beneficios. É verdade que poñer en marcha esta participación require de ganas, implicación e traballo de todas as partes implicadas pero fundamentalmente de quen ostenta o goberno municipal.

Ninguén pode poñer en dúbida que cando a xente implícase na elaboración das normas que lle van a rexer, incrementa a facilidade na súa posta en funcionamento e a probabilidade de cumprimento da mesma é maior.

Aínda que, sempre que este partido solicitou a participación cidadá en asuntos municipais como é a redacción de ordenanzas, atopamos moitas retencias e excusas por parte do goberno local sobre todo, e iso a pesar de ter redactado un regulamento de participación cidadá.

Como o obxectivo fundamental de presentar a moción que estou aquí emendando é o punto un relativo á aprobación dunha ordenanza de ruído e dadas as dúbidas plantexadas na Comisión Informativa polo goberno en relación á participación activa dos sectores implicados na redacción da mesma, cedo nas miñas pretensións e fago máis que unha proposta de acordo, un rogo para que se teña en conta a opinión desta Concelleira.

EMENDA en relación co punto número 2 da moción antes citada e que versa:

"2.- Que na elaboración da mesma téñanse en conta as opinións de todos os sectores da sociedade implicados. "

Quedando agora a súa redacción da seguinte maneira:

"2.- Que se valore a posibilidade de que os sectores da sociedade que poidan estar implicados participen activamente na elaboración da ordenanza.">>



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre a emenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a emenda presentada.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que con esta moción o que se pretende é que se faga unha ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica e preparándoa deuse de conta de que xa había informes do Valedor do Pobo do ano 1996 onde dicía que a contaminación acústica constitúe un problema cada vez máis importante na nosa civilización e que os rúidos son unha fonte de problemas que atentan tanto aos dereitos dos cidadáns coma para os dereitos individuais da saúde e que tamén indica que, naquel momento, o problema non era tan grave porque o nivel de industrialización aínda era moderado, a intensidade do tráfico non era tal e non había tanto nivel turístico ou de actividades de lecer, pero que pouco a pouco todo isto incrementouse e polo tanto máis ruído e que, de feito, en Padrón está de plena actualidade.

Sr. Alcalde. Di que, como xa comentou na comisión informativa, xa veñen traballando neste tema. Que xa fixeron varias inspeccións sonométricas e concretamente están traballando na redacción do borrador da ordenanza municipal. Que o presuposto era de 1.790 € con IVE, pero máis aló do borrador están con inspeccións sonométricas para dar cumprimento a eses niveis máximos de transmisión de rúidos, valorando a posibilidade de formación para os diferentes sectores da sociedade para articular unha convivencia, porque a xente ten dereito ao descanso e ten dereito ao lecer, pero entre todos hai que respectarse e así todos poden convivir. Que tamén unha xestión de sistema de control remoto para actividades ruidosas, un acondicionamento acústico nas dotacións municipais, apoio a técnicos, control de zonas acusticamente saturadas cun presuposto de 380,25 €/mensuais. Que están de acordo en aprobar unha ordenanza sobre a contaminación acústica pero non porque se presente esta moción senón porque xa veñen traballando niso.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está de acordo que é necesaria a elaboración dunha ordenanza e debería ser máis consensuada pero é certo que hai un problema na rúa. Que de pouco vale ter ordenanza se non se esixe o cumprimento das mesmas. Cree que esa ordenanza xa existe e que di nalgún sitio que a partir das 12 da noite os rúidos teñen que estar regulados.

Sra. Rey Pazos. Contesta que comprobou as ordenanzas e non atopou nada diso nas ordenanzas e o que se di é o das terrazas cando teñen que levantalas.

Sr. Santaló Ríos. Di que é unha obriga do Concello tela e non ten ningunha obxección en que se faga. Que en canto á participación cidadá non existe a ordenanza que levan alí reclamando e parécello complicado darlle voz non sabe a que sectores e quen vai decidir quen é representante de que sectores. Que lle parece complicado pero mentres non haxa unha ordenanza os representantes son eles e poden asesorarse con quen lles pareza. Que en canto á efectividade da ordenanza é bastante escéptico e cree que se deberían tomar medidas máis efectivas.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que despois de debater a moción na comisión informativa, van votar a favor.

Sr. González Pardal. Di que tampouco se vai a opoñer pero lle preocupa o dito polo señor Rodríguez Carbia porque o concello ten bastantes ordenanzas, algunhas non se están cumprindo e non hai efectivos para controlar a situación porque están vendo un problema coa limpeza e ornato das fincas, na pegada de carteis nas fachadas, no tema das terrazas, na peatonalización vese que hai coches de vez en cando no casco urbano e aparcados, no tema dos cans que hai certos espazos que non se deben de utilizar. Que a convivencia con veciños ten que ser e están xurdindo novos albergues en Padrón con afluencia de peregrinos e turistas e poden ter un problema co tema dos rúidos. Que lle preocupa máis o cumprimento das ordenanzas que a elaboración de novas ordenanzas.

Sr. Forján Seoane. Comenta que está claro que é un problema que está aí. Que lle estrañou o que dixo o señor Alcalde de que ían a formar aos sectores da sociedade e non sabe como o van facer. Que ve que xa

se están inspeccionando locais e pregunta como se elixen eses locais que se inspeccionan, si aleatoriamente.

Sr. Alcalde. Contesta que se están inspeccionando os locais que teñen denuncias por ruídos.

Sr. Forján Seoane. Engade que o da participación cidadá tamén o van apoiar.

Sra. Rey Pazos. Di que está totalmente de acordo en que facer ordenanzas que despois non se van cumprir é unha perda de tempo, pero se escapa á súa comprensión o por que non se fan cumprir as ordenanzas. Que a responsabilidade é do goberno porque, aínda que sexa a policía local a que execute as sancións, o señor Alcalde é o que ten que ordenar e indicar o que hai que facer. Que co tema da peatonalización xa dixo reiteradamente que se está a incumplir porque se ve todos os días diante do Concello e é imposible que o señor Alcalde non o vexa. Que hai que decidir ou para todos ou para ninguén e o que non pode ser é uns si e outros non. Con respecto ao da participación cidadá, di que a Xunta de Galicia, no Parlamento, na elaboración de leis ten aberto un foro onde a xente pode deixar as súas opinións e despois as valoran. Que está de acordo co señor Santaló Ríos en que hai que facer un regulamento pero mentres non se fai hai formas de dar cabida á cidadanía. Que está de acordo co goberno na formación á cidadanía e si se poden tomar pequenas medidas como pode ser falar coa hostalería para que se implique en que a xente nas terrazas falen máis baixo e se poden facer campañas se eles queren. Que, por exemplo, as mesas metálicas provocan moito ruído, tamén as cadeas e as cadeiras cando se arrastran. Que hai pequenas cousas que si se poden facer e que non requiren grandes estruturas nin economías.

Sr. Alcalde. Explica que o goberno se reuniu con toda a hostalería para falar. Que o problema non ven por esas pequenas cousas senón que ven polos ruídos ás 5, 6 ou 7 da mañá, polas insonorizacións e os altavoces fóra los locais. Repite que se reuniu en moitas ocasións con esa parte problemática da hostalería con respecto aos ruídos e de todo o que se dixo non se respectou nada e hai que ir un pouco máis adiante. Que por Padrón poden pasar uns 100.000 peregrinos ao ano e non pode ter todos os luns aos propietarios de albergues dicindo que os peregrinos non poden durmir. Engade que non é unha contra nin unha réplica porque eles están a favor da moción.

Sra. Rey Pazos. Di que é consciente de que houbo esas reunións pero o problema do goberno é que pasan de 0 a 100 e é mellor tomar medidas intermedias antes de chegar a ese 100.

Sr. Alcalde. Contesta que de 0 a 100 en 6 anos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada por VN nos termos expresados anteriormente e coa inclusión da emenda presentada.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG PARA INCORPORAR NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO A PARTIDA NECESARIA PARA ABORDAR A HUMANIZACIÓN DO TRAMO DA N-550 ENTRE PADRÓN E A PONTE.

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de tantas promesas, encargo de redacción de proxectos, de aprobación de acordos plenarios por unanimidade para que se incorporaran nos OXE os cartos necesarios, das insistentes intervencións do BNG coa mesma finalidade no parlamento de Galiza e en Madrid, o PP deixa fora dos Orzamentos Xerais do Estado a consignación orzamentaria que precisa este tramo.

A realidade é que as referencias a Padrón nos OXE para 2017 son dúas partidas que teñen que ver con



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

estudos que se veñen dotando ano tras ano e non existe ningún indicio de que deses estudos varían nun futuro a realizarse as obras pertinentes. As actuacións son as seguintes:

- N-550. Variante de trazado na N-550 entre Sigüeiro e Padrón. Dotada con 118.210 euros para rematar de pagar un estudo que ten un custo total de 828 mil euros. Trátase dun estudo que se iniciou no 2005.
- N-550. Tramo: Variante de Pontecesures e Valga (6 km). Do mesmo xeito que a partida anterior, esta partida está dotada con 41.000 euros para rematar de pagar un estudo que ten un custo total de 250 mil euros. Trátase dun estudo que se iniciou no 2007.

En conclusión, non hai consignación orzamentaria para a posible licitación das obras no 2017, e nin sequera se contempla esta posibilidade para máis adiante.

A situación non admite máis demoras. Este tramo é de extrema perigosidade por carecer de beiravía e beirarrúas para peóns. Enclaustra aos veciños, xa que o acceso a algunhas vivendas a carón da N-550 hai que facelo en automóbil. Divide ao núcleo de A Ponte e impide a súa integración co núcleo urbano de Padrón. As limitacións son tan graves que na Ponte non dispoñen de parada de autobús, polo que os veciños teñen que acudir a parada de Pontecesures, mais por esta razón vense excluídos da área do Transporte Metropolitano de Santiago.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG do Concello de Padrón solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno acorda instar a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Congreso dos Deputados para reclamar, significativamente aos parlamentarios eleitos por circunscripcións galegas no Congreso, que demanden a partida orzamentaria para este 2017 para a actuación na N-550 no tramo da Ponte nos Orzamentos Xerais do Estado para 2017.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que é un tema reiterativo e comprobaron que non están nos orzamentos do 2017.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que veu en numerosas ocasións o que acaba de expor o señor Santaló Ríos na súa moción e é letra morta. Que moitas veces os acordos que se adoptan no pleno, se reflicten nunha acta e cando se aproba se comunican ás diferentes administracións, non hai resposta e esa moción durme no limbo dos xustos. Que o procedemento é así porque como na administración non fan caso...que se lle vai a facer, pero o problema persiste e a solución non chega e de aí que se estén reiterando polos diferentes grupos políticos o mesmo texto de acordo resolutivo ano tras ano. Que hai un momento clave que é cando se preparan e elaboran os orzamentos xerais do Estado, pero desgraciadamente Galicia non ten peso legislativo en Madrid porque os partidos de ámbito estatal son sucursais bancarias de Madrid en Galicia e á hora da verdade non fan a forza suficiente para traer eses fondos públicos tan necesarios para acometer obras aquí e, polo tanto, os veciños da Ponte e os cidadáns que diariamente transcorren por ese escaso quilómetro e medio, seguirán cos mesmos impedimentos de sempre: falta de seguridade viaria, unha perigosidade constante e continua, principalmente para os peóns porque carecen de iluminación, de beiravías e de urbanización porque é unha prolongación do pobo e hai que unir ese porto de Padrón co núcleo de Padrón. Cree que están todos convencidos de que iso debe arranxarse xa dunha vez por todas. Que fai algún tempo, para ese treito, había nos orzamentos do Estado presupostado e en previsión 5.000.000 € e cando se acometeron os 450.000 € para arranxar unha parte dese trazado xa lles dixo que iso non era suficiente e a Fomento a xogada saíulle ben porque aforraron catro millóns e medio de euros e agora ese proxecto está dormido.

Sr. Santaló Ríos. Aclara que os deputados dos que fala son de Podemos porque non hai grupo

parlamentario do BNG.

Sr. Rodríguez Conde. Di que sempre estiveron de acordo cando algún grupo trouxo a pleno este tipo de moción.

Sra. Rey Pazos. Cree que neste tipo de cuestións a maior responsabilidade a teñen os grupos que poden presionar e insistir por ter representación a nivel galego ou nacional.

Sr. Alcalde. Di que leva insistindo sobre este tema desde que entrou no goberno.

Sr. González Pardal. Di que está totalmente de acordo e que lle parece increíble que se perdera a oportunidade cando tiñan unha Ministra galega e non falar directamente con ela, traela a Padrón e que vira a entrada que temos.

Sr. Alcalde. Contesta que non se perdeu a oportunidade, senón que veu a Padrón.

Sr. González Pardal. Pregunta se a día de hoxe está solucionado o problema.

Sr. Alcalde. Contesta que non pero aclara que a Ministra veu e recibiu unha memoria en man. Que estivo reunido persoalmente con ela falando deste tema. Que agora non hai unha Ministra galega, pero hai un Ministro e hai que seguir traballando sobre este tema.

Sr. González Pardal. Pídelle que siga traballando para solucionar esa imaxe deplorable que ten a entrada a Padrón.

Sr. Forján Seoane. Di que está totalmente de acordo aínda que chega un pouco tarde. Que cando el gobernaba fixéronse moitas xestións e algo se conseguiu.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que non é Ministra galega senón que é Castelán-Leonesa.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG de data 15 de maio de 2017 nos termos expresados anteriormente.

9.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais- un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exigencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

- Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.
- Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que ten dúbidas no primeiro punto do acordo resolutivo porque non sabe si o Concello neste momento ten superávit.

Sr. Interventor accidental. Contesta, a solicitude do señor Presidente, que o resultado orzamentario axustado da liquidación do 2016 é un resultado positivo en 151.323,50 €.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que, desde o seu punto de vista, o problema está nos plans de axuste. Que están de acordo en que a débeda existía e facía falta regularizar a situación económica de todos os concellos antes de que vaian á bancarota, pero tamén é certo que hai que proceder a outro tipo de reformas complementarias e non só plans de axuste. Considera que neste momento a Administración Local está soportando sobre as súas costas o funcionamento de certos servizos que non lle correspondería e dos que se debería facer cargo a Xunta, a Deputación ou o Estado para liberar as economías locais. Que vai apoiar a moción porque considera que é necesaria esa reforma e tomar medidas necesarias para garantir a sustentabilidade económica das Corporacións Locais.

Sr. Rodríguez Conde. Di que despois de debatela suficientemente na comisión informativa non van poñer trabas para que saia adiante.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG de data 21 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

10.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPA RELATIVA A UNHA REVISIÓN DOS VALORES CATASTRAIS.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 23 de maio de 2017, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dun mes a esta parte centos ou milleiros de contribuíntes padroneses están a recibir por correo certificado notificacións da Dirección Xeral do Catastro nas que se lle comunica o inicio dun expediente de REGULARIZACIÓN.

Esta regularización catastral nalgún momento tivo que ter entrada por rexistro a comunicación por parte da Dirección Xeral do Catastro e como é de supor, e aos antecedentes me remito por parte do goberno non debeu de facerse nada ao respecto.

Pero en que consiste a REGULARIZACIÓN en aboar de entrada unha taxa por importe de 60 €/contribuínte por cada regularización iniciada de oficio pola Administración.

Na documentación remitida polo Catastro identifícase alfa numérico o ben obxecto de regularización e cítase unha clave para entrar na oficina virtual do catastro e acceder ao expediente.

O primeiro co que te atopas é un esbozo e unha fotografía do ben obxecto de regularización.

Resulta que na maioría dos casos non se produciron modificacións algunhas na propiedade obxecto do expediente dende a súa construción inicial que non foran as meras obras de conservación e mantemento ás que xa fai referencia o art. 16.2 do TRLC 1/2004 e que non son susceptibles de comunicación.

Na maioría dos casos, o contribuínte, atópanse cunha suba desmesurada tanto do valor catastral do inmovible como do valor catastral de construción, é dicir incrementase tanto o valor da construción como do terreo, e faise de xeito improcedente xa que si como sinala o TSLC 1/2004, disposición adicional terceira, faise co obxecto de "garantila axeitada concordancia da descrición catastral dos bens inmoables coa realidade inmobiliaria", o que en na realidade se producir é un desvalor da propiedade ocasionado polo paso do tempo e o deterioro que se ocasionou como resultado do mesmo.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Isto que acabamos de manifestar é claramente comprobable na gran cantidade de propiedades e locais comerciais en condicións pésimas, ruinosas e non axeitados que existen no casco vello de Padrón e por suposto en todo o termo municipal.

Na falla de calquera tipo de actividade destes baixos, locais comerciais e inmobles. No pouco que se inverteu neles, e nas escasas licenzas urbanísticas de obra nova que se están a conceder en todo o termo municipal nos derradeiros 15 anos, limitándose só a licenzas de obra menor consistentes en obras de conservación, reparación e mantemento.

De aí que esta regularización do Catastro é un sen sentido, nun municipio e palpable regresión urbanística e que o incremento do valor do solo e da construcións incidirán negativamente en forma de suba de presión fiscal recadatoria sobre o contribuínte e acrecentando se cabe máis a situación de desleixo e abandono tanto do casco vello como do rural. O motivo non é outro que é mellor que se caian a cachos as propiedades que restaurar, conservar e manter porque despois nos coserán a impostos.

Incide negativamente na incapacidade de fixar poboación polo prezo excesivo do solo e en consecuencia da construción co que non seremos capaces de revertila situación na que se atopa o mercado inmobiliario no termo municipal.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN :

a.- Que o goberno local proceda a iniciar de oficio unha revisión dos valores catastrais, mediante a elaboración dunha nova ponencia de valores, adaptada á realidade actual do municipio e aos prezos reais de mercado que permita rebaixar o prezo da construción e do terreo co obxecto de reducila base liquidable, permitindo dese xeito rebaixala cuota líquida participativa (o que debe pagar cada contribuínte).>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que antes de debater este punto, quere facer unha emenda a esta moción.

Sra. Secretaria. Solicita a palabra ao señor Presidente para avisar que as enmendas deben presentarse por escrito.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que vai escribila agora nun momento.

Sra. Rey Pazos. Manifesta que cando ela intentou facer o mesmo cunha moción dela non se lle permitiu.

Sr. Alcalde. Contesta que ten razón e dille ao señor Rodríguez Carbia que se vai debater a moción como está.

Sr. Rodríguez Carbia. Quere que conste en acta que "ten as súas dúbidas de que no transcurso dunha sesión plenaria que non se poida introducir unha emenda a unha moción presentada e solicita que quede reflectido na acta a opinión da Secretaría". Procede a dar lectura á moción e ao remate engade que nesta moción se pretendía introducir unha emenda consistente en quitar parágrafos do texto e seguir mantendo outros pero que non se lle deixou.

Sr. Alcalde. Interrompe ao señor Rodríguez Carbia e dille que se quere pode retirar a moción da orde do día e a presenta despois modificada por urxencia. Dalle a palabra á señora Rey Pazos.

Sra. Rey Pazos. Recorda que sí se fixo unha emenda escrita no momento e cando ela quixo facer esa mesma emenda non se lle deixou e o señor Alcalde non lle deu ningunha solución de que a retirara e a presentara por urxencia. Di que cando ela di que hai un trato diferente, este tipo de cuestións o constatan.

Sr. Alcalde. Contesta que non se lle ocorreu, pero de todas formas a decisión é do señor Rodríguez Carbia.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que non lle vai dar razóns a quen non llas merece e non lle vai entrar en debate.

Sr. Alcalde. Dalle o primeiro aviso ao señor Rodríguez Carbia e pídelle que se dirixa con respecto.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que propón a retirada da moción e que será presentada por urxencia.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete a retirada do asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría a retirada da moción da orde do día.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

11.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 5-7/2017.

Considerando que ten entrado en vigor o 31/12/2013 a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, publicada no Boletín Oficial do Estado número 312, de 30/12/2013.

Considerando que dita norma regula no seu artigo segundo as modificacións introducidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que a redacción do apartado terceiro do dito artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é do seguinte tenor literal:

<< Tres. El artículo 218 queda redactado como sigue:

<< Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local.>>

En cumprimento do mandato legal recollido no artigo precedente, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal:

- Resolución do Alcalde número 221/2017, de 29 de marzo, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 5/2017, de 28 de marzo, interposto contra a aprobación das nóminas do mes de marzo do 2017 por importe total bruto de 134.424,42 €.
- Resolución do Alcalde número 239/2017, de 4 de abril, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 6/2017, de 4 de abril, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 45.350,69 €.
- Resolución do Alcalde número 299/2017, de 3 de maio, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 7/2017, de 2 de maio, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 41.179,42 €.

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA SÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 1º TRIMESTRE 2017.

O artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que: <<Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo>>.

O apartado 4º do mesmo artigo establece que dito informe debe presentarse ao Pleno da Corporación Local e remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, rendición que se fixo con data 24/04/2017.

Por outra banda, o artigo 5.4 do mesmo texto legal recolle que << La Intervención (...) incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos (...)>>

En cumprimento do mandato legal recollido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do informe emitido pola tesoureira e intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativa ao primeiro trimestre de 2017.

13.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 215/2017 AO NÚMERO 355/2017.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das

resolucións ditadas pola Alcaldía da número 2015/2017 á número 355/2017.

Sra. Rey Pazos. Sobre o decreto 220 no que se solicita unha subvención, pregunta que é o que se solicita.

Sr. Alcalde. Contesta que se refire a un asunto que foi á Mesa de Comercio, que hai unha memoria e se lle dará copia dela.

14.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose as seguintes:

PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE AxP SOBRE O PROGRAMA CONCILIA DESPERTARES.

Sr. González Pardal. Di que é unha moción sobre o concilia-despertares para crear unha comisión de seguimento.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Seis (6), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non ratificar a urxencia da presente moción ao non acadarse a maioría absoluta necesaria.

SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DE AxP SOBRE INFORME DO ESTADO DAS ESCOLAS INFANTÍS.

Sr. González Pardal. Di que é unha moción sobre a aprobación no pleno do 30-11-2015 sobre a escola do Couto, as deficiencias que hai.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Seis (6), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non ratificar a urxencia da presente moción ao non acadarse a maioría absoluta necesaria.

TERCEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPa



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RELATIVA A UNHA REVISIÓN DOS VALORES CATASTRAIS.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Seguidamente procédese ao debate e votación do asunto:

<<MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DA CIPa RELATIVA A UNHA REVISIÓN DOS VALORES CATASTRAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dun mes a esta parte centos ou milleiros de contribuíntes padroneses están a recibir por correo certificado notificacións da Dirección Xeral do Catastro nas que se lle comunica o inicio dun expediente de REGULARIZACIÓN.

Esta regularización catastral nalgún momento tivo que ter entrada por rexistro a comunicación por parte da Dirección Xeral do Catastro e como é de supor, e aos antecedentes me remito por parte do goberno non debeu de facerse nada ao respecto.

Pero en que consiste a REGULARIZACIÓN en aboar de entrada unha taxa por importe de 60 €/contribuínte por cada regularización iniciada de oficio pola Administración.

Na documentación remitida polo Catastro identifícase alfa numérico o ben obxecto de regularización e cítase unha clave para entrar na oficina virtual do catastro e acceder ao expediente.

O primeiro co que te atopas é un esbozo e unha fotografía do ben obxecto de regularización.

Resulta que na maioría dos casos non se produciron modificacións algunhas na propiedade obxecto do expediente dende a súa construción inicial que non foran as meras obras de conservación e mantemento ás que xa fai referencia o art. 16.2 do TRLC 1/2004 e que non son susceptibles de comunicación.

Na maioría dos casos, o contribuínte, atópanse cunha suba desmesurada tanto do valor catastral do inmovible como do valor catastral de construción, é dicir incrementase tanto o valor da construción como do terreo, e faise se xeito improcedente xa que si como sinala o TSLC 1/2004, disposición adicional terceira, faise co obxecto de "garantila axeitada concordancia da descrición catastral dos bens inmovibles coa realidade inmobiliaria", o que en na realidade se producir é un desvalor da propiedade ocasionado polo paso do tempo e o deterioro que se ocasionou como resultado do mesmo.

Isto que acabamos de manifestar é claramente comprobable na gran cantidade de propiedades e locais comerciais en condicións pésimas, ruinosas e non axeitados que existen no casco vello de Padrón e por suposto en todo o termo municipal.

Na falla de calquera tipo de actividade destes baixos, locais comerciais e inmovibles. No pouco que se inverteu neles, e nas escasas licenzas urbanísticas de obra nova que se están a conceder en todo o termo municipal nos derradeiros 15 anos, limitándose só a licenzas de obra menor consistentes en obras de conservación, reparación e mantemento.

De aí que esta regularización do Catastro é un sen sentido, nun municipio e palpable regresión urbanística e que o incremento do valor do solo e da construcións incidirán negativamente en forma de suba de presión fiscal recadatoria sobre o contribuínte e acrecentando se cabe mais a situación de desleixo e abandono tanto do casco vello como do rural. O motivo non é outro que é mellor que se caian a cachos as propiedades que restaurar, conservar e manter porque despois nos coserán a impostos.

Incide negativamente na incapacidade de fixar poboación polo prezo excesivo do solo e en consecuencia da construción co que non seremos capaces de revertila situación na que se atopa o mercado inmobiliario no termo municipal.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN :

a.- Que o goberno local proceda a iniciar de oficio unha revisión dos valores catastrais, mediante a elaboración dunha nova ponencia de valores, adaptada á realidade actual do municipio, que permita estudar a posibilidade de redución da base liquidable para que permita deste xeito rebaixar a cota participativa, é dicir, o que paga cada contribuínte.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Di que entende o enfado de boa parte da probación porque solicitou no concello a licenza de obras correspondente e descoñecía, ou non se lles informou, que tiñan que dar parte ao Catastro e agora se atopan con eses 60 €. Que tal e como está redactada a moción, cree que pode ter efectos negativos porque fala dunha revisión dos valores catastrais e se agora mesmo se produce unha revisión do catastro vai resultar unha elevación considerable do valor catastral do IBI que temos e en consecuencia vai repercutir nunha suba do IBI.

Sr. Alcalde. Di que con respecto a esta cuestión vaille dar a palabra ao señor Interventor para que o aclare.

Sr. Interventor. Explica que en canto á regularización do IBI, tal e como establece o RDL do 2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da LRFL, actualmente vixente, no seu artigo 77 xa di que o imposto se xestiona a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas valoracións elaboradas ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro. Que a ponencia de valores é exclusiva da Dirección Xeral do Catastro e o concello non vai ter ningún poder de influencia para pedir que vaia á alza ou á baixa.

Sr. Rodríguez Conde. Di que, despois de ter na comisión informativa un intercambio de opinións e non tendo claro do que podería supor e ver unha situación complicada, vanse abster.

Sra. Rey Pazos. Di que é verdade que é a xente o que ten que comunicar as edificacións, pensa que se debería cambiar a lei, aínda que non é competencia do concello, para que automaticamente si se pide unha licenza ao concello debería ser o que dera conta ao Catastro, pero tamén hai moita xente que ten as construcións sen licenza. Que hai xente á que non lle chegou esa notificación porque xa o declarou e xa está pagando todos os anos o que lle corresponde. Que entende o sentir da xente porque de repente se atopa con pagos moi elevados aínda que tamén hai que recordar que existe a posibilidade de fraccionar a débeda. Insiste que a información debería partir do concello ao Catastro e non obriga da xente. Que bota en falta de toda a Administración, non só da local, unha explicación do que supón esta regularización catastral porque hai moita xente que considera que os 60 € da taxa é realmente o que ten que pagar de contribución e iso non é verdade porque a contribución ven en setembro-outubro. Que haberá xente que considera que co pago da taxa xa non pode facer alegacións e si a xente fixo obras de conservación, como dicía o señor Rodríguez Carbia, debería facer alegacións dicindo que non fixo o tipo de obras que contempla a regularización. Que ela coñece varios casos de que hai erros. Que está de acordo co que dixo o señor Santaló Ríos e si se fai esa regularización vai ir á alza e non á baixa e pensa que iso é máis perigoso que quedarse como están.

Sendo as once horas e cincuenta e seis minutos abandona a sesión, co permiso do señor Presidente, o señor concelleiro Sanmarco Santos.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sra. Rey Pazos. Continúa dicindo que esta regularización ven polo PP porque as arcas, en xeral, están baleiras polos moitos casos de corrupción e por rescatar a banca. Que a ela o que lle preocupa é a xente cumpridora e non a que non cumpre. Pregúntase porque a xente que cumpre ten que pagar e a que non cumpre non. Que esa é a política xeral do PP porque eso ao final son votos.

Sr. Alcalde. Dalle un primeiro aviso ao señor Guillán Iglesias por interromper.

Sr. González Pardo. Di que con respecto ao do Catastro bota en falta unha xornada para explicar aos veciños. Que sabe que se está informando abaixo e hai colas todos os mércores e tivo que vir un par de días máis, pero ao mellor unha xornada explicando o por que desta situación aos implicados sería suficiente.

Sr. Alcalde. Contesta que son situacións moi dispares de cada un e optouse por informar a cada un sobre o seu caso. Que se está atendendo outros días da semana, non só os mércores.

Sr. Forján Seoane. Di que xa manifestaron na comisión informativa que non creen que a nova ponencia de valores se adaptara aos valores reais do mercado porque considera, como dixo o señor Santaló Ríos, que se ían incrementar motísimo. Que o señor Rodríguez Carbia fixo unha emenda neste sentido pero seguen considerando que si se levase á práctica se incrementarían moito os valores.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta ao señor Interventor si a ponencia de valores do Concello de Padrón, actualmente en vigor, é do ano 2007.

Sr. Interventor. Contesta que si.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si hai que revisala cada 10 anos.

Sr. Interventor. Contesta que si.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que aproben ou non aproben a moción, vai haber unha revisión da ponencia de valores e iso non vai ser desculpa para apoiar, absterse ou votar en contra desta moción. Dille á concelleira de VÑ que el non está a defender á xente que non cumpre. Que se puido colocar información no taboleiro aos veciños do inicio dese proceso e non que o primeiro coñecemento que teñan deste proceso sexa a imposición dunha taxa de 60 € por unha sanción. Que hai moita xente que cumpre pero que non coinciden os metros que les están catastrando polo que poden presentar alegacións e facer recurso en caso de que non lle acepten as alegacións. Que este tema está moi estudado e non está falando dos que infrinxiron a norma senón aos que non infrinxiron porque é un proceso que se tiña que ter explicado. Que AxP propuxo unha xornada de información aos veciños pero agora é tarde porque iso saíu publicado no BOE e non todo o mundo accede a el. En canto ao dito polo PP, está totalmente de acordo en que son temas dispares e cada persoa ten unha problemática, pero non se está falando de catro ou seis persoas senón que se está falando dun número de afectados moi grande do termo municipal e algunha medida se debería tomar. Pregunta ao concelleiro do PSOE que fala dos prezos do mercado, a que prezos de mercado de solo, de construción, de venta de pisos hai en Padrón, porque está todo parado e seguirá parado porque fan falta políticas activas.

Sendo as doce horas e seis minutos o señor Presidente acorda interromper a sesión por espazo de quince minutos.

Sendo as doce horas e vinte e cinco minutos reanúdase a sesión coa asistencia de todas as concelleiras e todos os concelleiros relacionados na cabeceira.

Sr. Santaló Ríos. Di que vai haber unha ponencia pero o que non vai facer é chamar a ninguén, que veñan cando lle toque pero non os van chamar.

Sra. Rey Pazos. Di que está de acordo en que hai que dar máis información, pero que non está de acordo con que o señor Rodríguez Carbia pida este acordo porque hai xente que ten erros nas súas declaracións porque si é así ten o procedemento de alegacións. Que si hai xente que fai alegacións e non se lle teñen en conta e é

inxusto, entenden que poidan vir aquí, pero este momento é o do proceso de alegacións. Que senon é así, non entende cal é a exposición de motivos.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que non está chamando a ninguén, simplemente está apuntando que toca este ano. Que non está aquí facendo demagogia senón que está dando datos concretos, narrando unha exposición real. Que a exposición que faga é indiferente e o que se está pedindo é o acordo de resolución. Que o que pide é que se regularice a situación.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete a retirada do asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dous (2), emitidos polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Dez (10), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción presentada pola CIPa nos termos expresados anteriormente.

CUARTA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO DO BNG PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS EN GALIZA.

Sr. Santaló Ríos. Di que a urxencia ven motivada porque é unha sangría económica tremenda e porque ao non ter isto teñen que ir a Madrid a mendigar que lle fagan as obras da Ponte.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Cinco (5), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Sete (7), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non ratificar a urxencia da presente moción ao non acadarse a maioría absoluta necesaria.

QUINTA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á TARDANZA EN CONCEDER AS LICENZAS DE OBRAS.

Sr. Forján Seoane. Di que volve presentala, aínda que non pasou o corte da comisión informativa, porque é boa para Padrón e a urxencia ven motivada, entre outras cousas, porque hai propietarios que queren rehabilitar edificios no casco histórico e esas licenzas non se están axilizando todo o que sería preciso.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VÑ, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Seis (6), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non ratificar a urxencia da presente moción ao non acadarse a maioría absoluta necesaria.

SEXTA MOCIÓN DE URXENCIA. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á ELIMINACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE LOMBOS DE BURRO QUE NON CUMPLEN A NORMATIVA EN VIGOR.

Sr. Forján Seoane. Di que a urxencia ven motivada polo descontento que hai na cidadanía pola construción, no seu momento, dos badéns sen cumprir a normativa vixente e que nestes momentos non se adaptaron a esa legalidade e están sen pintar o que supón un perigo engadido.

Polo Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VN, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Seis (6), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda non ratificar a urxencia da presente moción ao non acadarse a maioría absoluta necesaria.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos presentados polo partido político de VN.

1.- Sra. Rey Pazos. Rogamos procédase a reparar as Escaleiras do Espolón danadas durante a Pascua pola instalación dos palcos das orquestras e búsqense lugares alternativos onde situar as orquestras para que non sigan danando o noso patrimonio.

2.- Sra. Rey Pazos. Rogamos procédase a sinalizar adecuadamente o aparcadoiro para caravanas do Concello e así evitar que, por descoñecemento, estas aparquen noutros lugares non adecuados e non se malgasten os cartos públicos cunha instalación baleira.

3.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que desde o goberno deixen de utilizar as redes sociais do Concello con fins propagandísticos propios e de partido.

4.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que se proceda a arranxar as pedras soltas situadas na praza da Igrexa de Iria, en fronte á Fundación Camilo José Cela.

5.- Sra. Rey Pazos. Rogamos procedan a colocar unha varanda pegada á parede nas escaleiras da Casa do Concello para que se poidan usar con maior seguridade.

6.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno deixe de proceder ao fraccionamento do obxecto do contrato en relación ás facturas polo servizo de limpeza da praza de abastos; as facturas relativas ao subministro de

materiais; á limpeza de distintas dependencias municipais; ás reparacións do alumeadado público; ao servizo de atención de dependencia; ao asesoramento xurídico do CIM. Todas estas facturas están reparadas pola Intervención Municipal por incumprirse a Lei de Contratos do Sector Público.

7.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que o goberno proceda a licitar os contratos prorrogados e non licitados, vulnerando a lexislación de contratos da Administración Pública, como son os relativos á xestión da gardería infantil municipal e os relativos á xestión laboral do Concello de Padrón.

8.- Sra. Rey Pazos. Rogamos ao goberno que proceda a sacar as prazas que deben ser ocupadas por funcionarios públicos a concurso, como é o caso das ocupadas polos traballadores do departamento de Urbanismo e Rehabilitación, para así corrixir a situación de ilegalidade que se está a producir.

Rogo oral formulada polo partido político da CIPa.

1.- Sr. Rodríguez Carbia. Rogo que o Concello cumpra a normativa de limpeza dos canos de recollida de pluviais na Casa do Concello para evitar que se convertan en fervezas.

Rogo oral formulado polo partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Roga que o contrato coas persoas que sexan susceptibles de contratos de integración social da Deputación, se faga discrecionalmente a través do persoal funcionario do Concello, porque ten entendido que os propios concelleiros recomentan os pasos que hai que dar para formar parte desas listas e optar a eses determinados contratos.

Preguntas presentadas polo partido político de VÑ.

Sra. Rey Pazos. Recorda que foron presentadas con vinte e catro horas de antelación e teñen a obriga de contestalas.

1.- Sra. Rey Pazos. Unha veciña, a través desta Concelleira, pregunta que criterios valoráronse para decidir facer unha beirarrúa pegada á parede do campo de fútbol no canto de pegada alén do río no proxecto aprobado no "POS+ 2017"?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que foi criterio do concelleiro e foi aprobada no pleno.

2.- Sra. Rey Pazos. Unha veciña, a través desta Concelleira, pregunta por que motivo o concerto anunciado polo Concello do grupo "Habelas Hainas" para as 13:30 h do venres día 18 de maio de 2017, deu comezo media hora antes e sen previo aviso?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que esa era unha actividade para os institutos e tiñan outras actividades programadas que remataron antes de tempo e os profesores decidiron seguir e adiantar esa porque era moi complicado ter ao alumnado sentado tanto tempo e insiste en que era unha actividade para o IES.

3.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que se procedeu a inspeccionar determinados locais hostaleiros en Padrón, cando ten pensado o goberno inspeccionar o resto dos locais no exercicio da súa obriga?.

Sr. Alcalde. Contesta que, de conformidade do decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, se actuará de xeito preferente ante as denuncias de particulares, ante situacións de risco grave para o ambiente, seguridade, salubridade e, con carácter xeral, para as persoas e os bens (artigo 83).

4.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que a obra a realizar na Casa dos Capeláns parece levar un bo ritmo e que non se vai tardar moito en acabar, gustaríanos saber a que se vai a destinar finalmente a devandita casa?.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que de uso público de carácter socio-cultural e turístico.

5.- Sra. Rey Pazos. A obra realizada no lugar da Picaraña, consistente na construción de tres garaxes, conta



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

con licenza municipal? (Adxuntamos foto e localización).

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non foi unha construción senón que foi unha mellora e ten solicitada a licenza.

6.- Sra. Rey Pazos. A obra realizada no pazo Torre do Monte pola parte de atrás, en relación coa reconstrución do muro, conta con licenza municipal? (Adxuntamos foto e localización).

Sr. Pardo Andrade. Contesta que ten solicitada a licenza dende xaneiro deste ano.

Sr. Alcalde. Aclara que é para a parte de atrás porque para a parte de diante a ten outorgada dende o 21-11-2014.

7.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta os seguintes feitos e datos:

Que tanto nesta como no anterior mandato do goberno do PP e do PGD, o domingo de Pascua, día no que se celebra a coñecida "Feira Cabalar" no lugar do Campo da Barca situouse unha carpa cunha pulpería.

Que na licitación de parcelas para instalacións de atraccións feirais no Concello de Padrón para as festas da Pascua nos anos 2017-2020, non existe a parcela na que se situou dita pulpería e, en consecuencia, entendemos que tampouco hai autorización para a instalación de dita pulpería ese día nese sitio:

7.1. Cales son os motivos para non incluír a esta pulpería no trámite de licitación antes indicado e realizado para o resto das atraccións, postos e pulperías da Pascua?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que non se indicou no plano por un erro.

Sra. Rey Pazos. Pregunta na do 2013-2017 dado que tampouco está.

7.2. En base a que permite o goberno instalar unha pulpería no Campo da Barca o domingo de Pascua?

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que se lle deixou montar pero ao non saír no plano, non ten adxudicada a parcela.

Sr. Alcalde. Aclara que non está adxudicada na licitación pero, como outros que sen ter adxudicada parcela na licitación, se lle liquida posteriormente.

7.3. Percibe o Concello algunha contraprestación económica polo aproveitamento especial de dominio público pola instalación de dita pulpería na Barca como si se percibe polo resto de postos instalados en dominio público durante a Pascua?.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que non sabe si pagou ou non.

Preguntas presentadas polo partido político de AxP non respostadas na sesión plenaria anterior.

1.- Sr. González Pardal. Vai haber licitación do contrato da cafetería do Centro Social este ano?.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

2.- Sr. González Pardal. Vai haber licitación do contrato da escola infantil este ano?

Sr. Alcalde. Contesta que tamén. Que están as providencias feitas e segundo o traballo de secretaría se sacarán ou non e avanza que o técnico que axudaba na secretaría cesa e marcha para outro Concello e se porán en contacto coa seguinte.

3.- Sr. González Pardal. Despois de adxudicar unha parcela da Pascua na puxa si o adxudicatario non paga que sucede con esa parcela?

Sr. Alcalde. Contesta que si queda adxudicada, pasado o prazo de pago sen pagar, se lle adxudica ao seguinte

e se non hai quedaría deserta.

4.- Sr. González Pardal. Por que tendo un evento no que o Concello se gasta 13.000 euros, a carreira popular, no que hai inscritas 1.200 persoas, sabendo con antelación suficiente, non se fala coa hostalería para facilitarlle a esos participantes e acompañantes dos mesmos que consuman no pobo?

Sr. Alcalde. Contesta que se fala coa hostalería con respecto a todos os eventos e están anunciados.

5.- Sr. González Pardal. Na sesión plenaria do 26 de xaneiro do 2017 fíxose unha pregunta ao señor Alcalde sobre as pilonas de polipropileno que se supón se colocan nos accesos ao mercado e desde esa data colocáronse ditas pilonas? Engade que espera unha fotografía que lle dixo o concelleiro.

Sr. Alcalde. Contesta que si se colocaron e quedaron de enviarlle a fotografía.

6.- Sr. González Pardal. Aluga o Concello os pavillóns municipais a empresas ou autónomos para actividades con ánimo de lucro?

Sr. Alcalde. Contesta que o Concello non aluga senón que cobra unha taxa por uso. Que si lle di concretamente a actividade e o día o pode mirar.

Sr. González Pardal. Explica que se refírese a que si el ten unha empresa que se dedica a facer bolillos e pago a taxa para utilizar o pavillón e despois ás duascenas persoas que van facer bolillos lle cobra unha inscrición. Pregunta se ten constancia o Concello.

Sr. Alcalde. Contesta que non ten constancia.

7.- Sr. González Pardal. O Concello paga mensualmente unha nave no Polígono de Pazos, exactamente 1.326 € ao mes para o GES. É certo que esa nave na que o Concello paga o alugueiro está sendo usada pola empresa que realiza o servizo de recollida de basuras?

Sr. Alcalde. Contesta que aproximadamente vinte metros cadrados desa nave si.

8.- Sr. González Pardal. As fincas "leira-parking" que existen no Concello de Padrón teñen algún tipo de licencia de actividade?

Sr. Alcalde. Contesta que este tema xa foi debatido na comisión do Casco Histórico.

Preguntas orais formuladas polo partido político da CIPa.

1.- Sr. Rodríguez Carbia. Cantas reclamacións laborais do persoal que traballo no concello están pendentes de resolver.

Sr. Alcalde. Di que ten que consultalo.

2.- Sr. Rodríguez Carbia. Cantos expedientes de reposición da legalidade leva iniciados e resoltos dende principios do mandato.

3.- Sr. Rodríguez Carbia. Cantas mocións desglosadas presentou individualmente cada grupo político desta corporación nas sesións ordinarias. Cal foi o resultado do seu debate. Cantas se cumpriron. Cantas están en trámite e cantas están arquivadas.

Preguntas orais formuladas polo partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Recorda que presentou unha solicitude de información sobre os acordos do Concello cos propietarios das fincas para facilitalos aparcamentos e as actuacións realizadas nesas fincas.

Preguntas orais formuladas polo partido político de VÑ.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tlf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

1.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que a pulpería situada no Campo da Barca non se licitou dende o 2013 ata o día de hoxe, pódennlle indicar que suposto beneficio sacan os membros do goberno pola instalación desta pulpería e pide unha razón para non ir con esta sinvergüencería ao Xulgado.

Sr. Alcalde. Contesta que ningunha.

Preguntas orais formuladas polo partido político de AxP.

1.- Sr. González Pardal. Di que é pola casa da rúa do Carme nº 37 que hai uns conos instalados.

Sr. Rodríguez Conde. Contesta que lles transmitiu un veciño que estiveron facendo obras alí de canalización do gas e que esa casa xa tiña unha fenda e pensaron que aumentara. Que non caeu ningún tipo de escollo, pero mandaron ao GES e por precaución decidiuse vallar a zona. Que se notificou ao técnico de rehabilitación para que fixera os trámites que tiña que facer.

2.- Sr. González Pardal. Pregunta como está o proceso xudicial polo tema da ordenanza de peatonalización.

Sr. Alcalde. Contesta que hai un contencioso pero espera que iso quede en nada.

3.- Sr. González Pardal. Pregunta si se sabe cando vai empezar a obra detrás do campo de fútbol.

Sr. Alcalde. Contesta que aínda non está aprobado o POS 2017 na Deputación.

Preguntas orais presentadas polo grupo político do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. ¿Que facían o domingo 2 de abril, sobre as 21:00 horas traballadores do concello cun camión de Construcciones J.B.Carril S.C., na Praza de Rodríguez Cobián?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que foi para recoller os instrumentos da banda de música.

2.- Sr. Forján Seoane. Van a deixar que o pobo siga tendo un olor nauseabundo procedente das alcantarillas ou teñen pensado facer algo para remedialo?

Sr. Alcalde. Contesta que farán os proxectos convenientes e se requirirá a Espina y Delfín.

3.- Sr. Forján Seoane. ¿A cantos traballadores se contrataron para a Pascua, con que empresa e que tipo de contrato? ¿Indicouselle por parte dalgún concelleiro a quen tiña que contratar?.

Sr. Alcalde. Contesta que se contratou á empresa Redosar e a empresa contratou a 8 ou 9 traballadores. En canto á segunda pregunta, entende que non e o Alcalde non.

4.- Sr. Forján Seoane. Desde o último pleno ordinario que xestións fixeron para ampliar/mellorar a saída a AC-299 en Extramundi?. Resultado?

Sr. Alcalde. Respostará no seguinte pleno.

5.- Sr. Forján Seoane. ¿Cal é o criterio para ir informando e sometendo a aprobación da Xunta de Goberno Local as licenzas de obra, posto que se está a aprobar solicitudes presentadas 2013 e tamén en 2017?.

Sr. Alcalde. Contesta que teñan os informes preceptivos, tanto sectoriais como os técnicos e os xurídicos.

6.- Sr. Forján Seoane. Que teñen pensado facer para axilizar a concesión de licenzas de obras?

Sr. Alcalde. Contesta que axilizalas. Ver o artigo 45.b) da Lei de Patrimonio e ver as licenzas que non teñen que ir a Patrimonio.

7.- Sr. Forján Seoane. Cal é motivo de manter no xardín, placas de árbores que xa non existen e ter sin placas aos árbores e plantas que si existen?

Sr. Alcalde. Contesta que é porque se vai repoñer a árbore ou se vai retirar a placa.

8.- Sr. Forján Seoane. Por que permiten que o taboleiro informativo da zona ARI se utilice como taboleiro para pegar anuncios?.

Sr. Alcalde. Di que xa lle contestará.

9.- Sr. Forján Seoane. Estase facendo algún tipo de seguimento das reparacións e mantemento dos vehículos e maquinaria do concello? ¿Quen é o responsable?.

Sr. Alcalde. Contestará no próximo pleno.

10.- Sr. Forján Seoane. Faise algún control do estado das bocas de rego existentes nas rúas e noutros lugares? Onte algunha non se pudo abrir para a limpeza das rúas.

Sr. Alcalde. Contestará no próximo pleno.

Pregunta oral formulada polo partido político do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Cando se vai definir a zona azul na N-550.

Sr. Alcalde. Contesta que hai que pintar pronto pero será zona azul gratuíta. Que non teñen data.

Pregunta oral formulada polo partido político de VÑ.

1.- Sra. Rey Pazos. Que no ano 2013 creouse unha bolsa de emprego para as cuadrillas da Pascua e o salario daquela era sobre 1.200 € aproximadamente. Que no 2016 contratouse a dez traballadores polo que serían 12.000 € e agora se contratan a oito traballadores e o prezo foi de máis de 18.000 €. Pide lle expliquen por que se contrata a unha empresa cando era máis barato antes.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que as contratacións que se facían dende o concello non eran 12.000 € senón que eran máis de 18.000 € coa seguridade social e a roupa.

Sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.